



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 2 - ABRIL - 2005

OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páx web: www.ovica.org

NOVAS DO SECTOR

- **Deficiencia no programa de erradicación da Brucelosis en Portugal:** Membros da Oficina Veterinaria e Alimentaria da UE inspeccionaron no mes de xullo de 2004 o funcionamento do programa de erradicación da Brucelosis en Portugal atopando deficiencias en:
 - Sistema de rexistro de explotacións.
 - Sistema de identificación de animais.
 - Control de movemento de animais.
 - Desinfección de vehículos e matadoiros.
 - Certificacións falsas nos movementos intracomunitarios.



Parideiras de malla electrosoldada.
Esther Corbal (Sarreaus - Ourense)

Unha solución práctica e barata na época dos partos.

APORTACIÓNS.

Escrito á Consellería de Política Agroalimentaria.

Tras a petición da Consellería de P. A. de aportación de ideas para o mantemento da poboación no medio rural. OVICA dirixiu un escrito ó conselleiro de P. A. suxerindo as seguintes medidas.

- Gratuidade no sistema de recollida de cadáveres.
- Apoio técnico especializado.
- Erradicación e control de enfermidades específicas.
- Identificación de individuos resistentes ó Scrapie.
- Apoio da administración na creación de unha indicación xeográfica protexida.
- Liñas de axuda específicas para o sector. Incremento orzamentario e apoio técnico e burocrático para as liñas de:
 - Transformación a pradeiras de montes veciñais en man común.
 - Ataques de Lobo e Xabarín.
 - Axudas á identificación electrónica dos animais.
 - Pagamento inmediato das primas da PAC ós gandeiros de ovino - caprino.
 - Eliminación do certificado veterinario.
 - Proxectos de explotación comunitaria da terra.
- Desenvolvemento dun programa de apoio ás organizacións do sector.

Programa electoral do BNG. A comisión de agricultura do Bloque Nacionalista Galego contactou con OVICA para elaborar o seu programa electoral, para as próximas eleccións autonómicas, no relativo á gandeiría extensiva de ovino - caprino.

RAZAS - Charolesa.



Orix: Procede da depuración da raza inglesa Dishley na rexión francesa de Charolais.

Producción: Carne.

Cualidades: Bo ritmo de crecemento, Boa capacidade leiteira, Prolificidade (160-180%) Coformación carniceira marcada, Alta precocidade sexual.

HUMOR



-Estas chea de parasitos.
-Pois anda que ti...

Cabatero



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Mércanse cabritas de reposición. Fermín (Xermade) - 679 890 628.
- Mércanse 50 ovellas (saneadas no 2005). Sergio (A Pastoriza) - 608 879 938.
- Mércanse cabras e ovellas galegas. Antonio Carballo Balboa (Pontecaldelas) - 696 444 884
- Mércase máquina de rapar. Carlos Mourinho (Abegondo – A Coruña) – 625 32 05 54
- Véndense 39 dereitos. Carlos (Sarria - Lugo) - 600 793 035
- Véndese rebaño +/- 130 ovellas, Angelines (Xinzo de Limia - Ourense) - 637 558 780
- Cédense 40 dereitos. Javier Arias (Láncara) - 982 543 222

SOLICITUDES DE ALTA MARZO - 2005

- Margarita Gallego Domínguez (Vilardevos)
- Josefa Flores Vence (Sarria - Lugo)
- María Sol Ares Aller (Melide – A Coruña)
- Antonio Isaac Pacín Rei (Palas de Rei - Lugo)
- Lourdes López Fernández (As Nogais - Lugo)

CURSO

“Manexo e Explotación do Gando Caprino de Leite”

Celebrarase no mes de Abril no Centro de Formación e Experimentación Agraria “Pedro Murias” Ribadeo – Lugo
Información no tfno. 982 13 10 17

CONTEDORES PARA OS CADÁVERES:

NON SERÁN OBRIGATORIOS os contedores nas explotacións de ovino – caprino.

Representantes de OVICA e do SLG, co apoio de C.O.A.G., mantiveron o pasado día 7 de abril unha xuntanza en Madrid con responsables de AGROSEGURO, ENESA, M.A.P.A. e Xunta de Galicia.

Nesta xuntanza expúxose toda a problemática que ía parella á obriga de contar cun contedor para animais mortos nas explotacións de ovino-caprino galegas.

Finalmente os responsables de AGROSEGURO, MAPA e ENESA acordaron cos representantes de OVICA e do SLG modificar a Resolución do Consello de Ministros na que se establecían as normas para a contratación de seguros de recollida de cadáveres de animais non bovinos para a C. A. de Galicia.

Sen dúbida esta modificación supón un grande éxito para o SLG, OVICA, e todos os gandeiros e gandeiras que apoiastes as accións levadas a cabo.

NORABOA A TOD@S

RAPA

Por cuarto ano consecutivo o servizo de rapa contrátase dende ovica, correndo a asociación cos gastos en seguridade social, permisos de traballo, residencia, etc.

Este ano OVICA conta con **8 rapadores** divididos en 2 equipos.

Para mellorar o control da rapa os socios poderán facer o pago da rapa mediante domiciliación bancaria.

Os gandeiros que non esten asociados tamén poderán rapar.

PREZOS

SOCIOS DE OVICA.		NON SOCIOS
rapar	rapar e coller	rapar
1,15 € / ovella	Acordar cos rapadores	1,30 € / ovella (mínimo)

Os gastos de aloxamento e manutención correrán por conta dos rapadores.

RECOLLIDA DA LA.

A CORUÑA, LUGO e PONTEVEDRA

Contactouse con Jacinto Álvarez (Monforte) para que se encargue da recollida nestas provincias. O prezo acordado foi de 0,21 euros/capa (35 pts/capa). Jacinto acompañará ó equipo de esquiladores recollendo e ensacando a lá.

OURENSE

Contactouse con Francisco Chevarri (Monforte) para que se encargue da recollida nesta provincia. O prezo acordado foi de 0,21 euros/capa (35 pts/capa). Francisco acompañará ó equipo de esquiladores recollendo e ensacando a lá.

Agradecemos que os gandeiros que non precisen dos servizos do equipo de rapa de OVICA se poñan en contacto con nós para facilitarnos a coordinación da campaña.

¡¡OLLO !!

Non se poden transferir menos de 10 dereitos no caso de que a persoa que os cede teña máis de 10.

